

# A HERBA ERRANTE

Yasujiro Ozu, 1959

# 1243

ESTREA EN NUMAX: 20.02.2024 | V.O.S.E. | 118 min

Un grupo de actores ambulantes vai parar a unha pequena poboación costeira. Alí o actor principal reencóntrase cunha antiga amante e cun fillo ilexítimo.

«A elemental beleza das composicións de Ozu e o seu uso expresivo do son dinche todo o que precisas saber sobre os personaxes, as súas emocións e relacións»

Geoff Andrew, TIME OUT



## O actor amateur

Por Donald Richie

"Hai moito anos", escribiu Ozu, "fixen unha versión muda deste filme. Quería dirixilo de novo na provincia nevada de Hokuriku, polo que escribín un novo argumento con Kogo Noda titulado Daikon Yakusha ["O actor amateur"], pero nese ano non había moita neve e non puidemos empregar as localizacións desexadas." Por causa disto, Ozu decidiu rodar na rexión da península de Kii, na illa de Shijima, en Wakayama. Ozu traballou neste filme para unha compañía coa que nunca tiña filmado antes. A Daiei xa lle tiña proposto a realización dun filme con anterioridade, pero o contrato coa Shochiku estipulaba a realización dun filme por ano e xeralmente ao director non lle sobra tempo para outros proxectos. Desta volta, porén, xa tiña rematado *Bo día* (1959) e conseguiu permiso da Shochiku para filmar coa nova produtora durante uns meses.

"Aínda que o filme ten unha ambientación contemporánea", dixo Ozu, "o seu espírito pertence á Era Meiji. Podería ter sido filmado noutra ambientación pero iso tería esixido un gran traballo de vestiario, xestualidade... para facelo de maneira rigorosa". Ozu é practicamente o único realizador xaponés que xamais fixo un filme de época (se non temos en conta o seu primeiro filme), porén, como vemos, a idea viña á súa cabeza de cando en vez. "Gustaríame facer un *jidai-geki*", dixo unha vez, mencionando que o novelista Jiro Osaragi sempre o retaba a facer un. *A herba errante* dános algunha indicación do aspecto que un filme dese xénero tería nas mans de Ozu: tería sido bastante similar aos seus filmes contemporáneos.

*A herba errante* é un remake bastante próximo ao orixinal. Existen, porén, diferenzas significativas entre ambas. No filme de 1934, a *troupe* vai en tren a unha pequena vila do norte montañoso de Xapón, mentres que a de 1959 viaxa en barco cara a un pequeno porto da península de Wakayama, no sur. Na versión de 1934 existen movementos de cámara xa abandonados na época do seu remake. E, obviamente, o primeiro filme era mudo e o segundo é sonoro. Pero en gran medida, o punto de vista externo de ambos filmes é idéntico. Existen mesmo escenas semellantes, como a discusión entre o xefe da *troupe* e a súa amante baixo a chuvia. Pero a diferenza principal é interna. A primeira versión é máis amarga. Preto da fin da súa vida, Ozu vólvese máis lene e no filme de 1959 non conseguimos sentir a dor da nai de novo abandonada. É obvio que Haruko Sugimura non está en modo algún satisfeita cunha nova traizón, pero a súa actitude é máis filosófica. Choko Iida móstranos, no filme anterior, unha sombría desesperación á que rara vez asistimos na obra tardía de Ozu. En 1934, Ozu sentía persoal e profundamente o mal que inflíxe a vida. Vintecinco anos máis tarde sentíao de forma igualmente profunda pero talvez menos persoal. A primeira versión, por outra banda, remite á primavera nas súas partes de comedia mentres a segunda amosa unha outonal tristura.

O filme de 1959 é seguramente o máis fermoso de Ozu en termos estéticos. Foi filmado por Kazuo Miyagawa, un dos maiores directores de fotografía da etapa dourada do cinema xaponés, autor da imaxe d'*As portas do inferno* (Teinosuke Kinugasa, 1953), *Yojimbo* (Akira Kurosawa, 1961), *Contos da lúa pálida* (Kenji Mizoguchi, 1953), *A rúa da vergoña* (Kenji Mizoguchi, 1956) ou *Rashomon* (Akira Kurosawa, 1950). "Miyagawa tivo moito traballo e experimentou bastante con este filme no que eu comecei a entender o que implicaba facer un filme en cor. Por exemplo, é preciso iluminar de forma correcta unha determinada cor para se vexa na pantalla da mesma maneira que se ve a ollos dun humano. Se filmas dúas cores diferentes coa mesma iluminación unha delas desaparece e, por tanto, tes que decidir de antemán a tonalidade. Nestes momentos o CinemaScope está a gañar popularidade. Eu non quero saber nada del polo que rodei planos máis grandes e curtos".